

**COMUNICADO Nº xxx/23  
23 DE MARZO DE 2023**

**NOVO MATERIAL DE UTILLAXE PARA AS VÁLVULAS POP OFF**

A Federación Galega de Automobilismo terá disponible nas próximas xornadas o material de utillaxe para a comprobación das válvulas pop off dos vehículos participantes nas probas puntuables para o Campionato Galego de Rallyes.

Desta forma, os técnicos da FGA terán o material adecuado para controlar o rendemento desta peza e asegurarse de que o seu funcionamento acóllese a normativa FIA.

Todos os participantes que teñan un vehículo con válvula pop off poderán ser verificados antes, durante e despois da proba para garantir o seu correcto funcionamento e garantir a igualdade de rendemento dos seus vehículos.